


Os niveis de organización



As células humanas:

- ✓ Células eucariotas animais
- ✓ Moi especializadas

Membrana celular: unha capa de lípidos con proteínas embebidas. Protexe a célula e controla a entrada e saída de substancias.

Citoplasma: formado por un medio acuoso chamado citosol que contén substancias disoltas e orgánulos celulares.




→ **Núcleo:** contén o material xenético e controla a función celular. Está formado por:

Nucleoplasma con cromatina (fibras de ADN)

Núcleolo (crea ribosomas)

Membrana nuclear



Células humanas

Orgánulos celulares

Orgánulos membranosos



Mitocondria

Obtén enerxía mediante a respiración celular.

Retículo endoplasmático (RE)

O RE rugoso, con ribosomas, produce proteínas. O RE liso produce lípidos.

Aparato de Golgi

Modifica as substancias sintetizadas no RE e transpórtasas ao exterior.

Vesículas

Almacenan e transportan substancias.

Lisosomas

Son vesículas que conteñen encimas dixestivos.




Orgánulos non membranosos




Citoesqueleto

Proporciona soporte e participa no movemento celular.



Centríolos

Dirixen o movemento do citoesqueleto e dos cromosomas.



Ribosomas

Tanto os do RE como os do citoplasma encárganse de fabricar proteínas.


Tecidos humanos

Tipos de tecidos no corpo


Tecido epitelial: está formado por unha ou varias capas de células moi próximas entre si.

Tecidos conectivos: están formados por células que se encontran rodeadas por unha substancia intercelular e por fibras chamadas «matriz». Dan soporte a outros tecidos e órganos e conéctanos entre si.

Epitelios simples e estratificados. Función protectora.




Epitelio glandular. Función secretora.




Tecido muscular: formado por células de forma alongada, que se agrupan para formar células musculares que poden contraerse e relaxarse.

Músculo estriado esquelético



Células multinucleadas.

Músculo estriado cardíaco



Células estriadas cun só núcleo.

Músculo liso




Células sen estriacións e cun só núcleo.


Tecido nervioso: formado polas neuronas, que recollen e transmiten a información, e células de glía que se encargan da súa nutrición, defensa e soporte.




Tecido conxuntivo




Tecido cartilaxinoso



Tecido sanguíneo



Tecido adiposo



Tecido óseo

